

Extradida de <http://cinedivergente.com/entrevistas/xavier-artigas-y-xapo-ortega-directores-de-ciutat-morta-ciudad-muerta>

A última edición do Festival de Málaga premiou un documental que non deixa títere con cabeza, un proxecto realizado para axitar consciencias cun último obxectivo: evidenciar o turbio do sistema en que vivimos. *Ciutat Morta*, dirixida por Xavier Artigas e Xapo Ortega, obtivo a Biznaga de Prata ao Mellor Documental. O filme nace co obxectivo de botar luz sobre os feitos do que se coñeceu como o 4F na cidade de Barcelona. Este caso condenou sen proba ningunha un grupo de mozos e mozas que se atopaban a noite do 4 de febreiro do 2006 nos arredores da liorta derivada do desaloxo dun teatro abandonado. Un proceso longo, duro e inxusto que levou a Patricia Heras, unha das mozas inculpadas, a se quitar a vida. *Ciutat Morta* proxectouse por primeira vez nun cine abandonado no centro de Barcelona, un acto de ocupación en vinganza ao entramado de corrupción policial e xudicial soterrado baixo as entrañas do 4F. Grazas ao Festival de Málaga, tivemos a oportunidade de falar con Xavier e Xapo e afondar un pouco máis no proceso cinematográfico de *Ciutat Morta*.

A pesar de que o caso do 4F é público, como chega a cruzarse esta historia no voso camiño como para decidir deixar un rexistro do suceso?

(Xapo)

Vimos de puntos diferentes, pero ambos os dous vencellados a movementos sociais. No meu caso, eu coñecía a historia desde o principio por estar moi metido neste tipo de activismo. Tampoco é un caso popular, xa que en Cataluña silenciouse moito, tanto por parte das institucións como da prensa. Coñecemos na Praza do 15M, na comisión audiovisual, de feito eu teño un vídeo anterior de Stop Desafuzamentos. Tanto Xavi coma min especializámonos no ámbito da represión. Tratamos outros casos coma o de Esther Quintana, a moza que perdeu o ollo cunha bala de goma.

Uns meses máis tarde, comunicáronnos que os dous policías implicados no 4F tamén foran condenados por outro caso. Foi nese momento cando nos invadiu a rabia, "tiñamos que facer algo". Ese mesmo día puxémonos a elaborar un teaser e a planificar isto. Non tiñamos a intención de facer algo tan longo, pero o único xeito de explicalo todo era unha longametraxe. (Xavier)

Para min, o caso do 4F era unha pintada nas paredes e durante moitos anos penseino así, o típico de algo que non te atinxe. Queríamos contar esta historia, e contala ben, para que o resto de persoas non tivese a mesma sensación que tiveron eu, ninguén debería pasar de longo perante este caso. Desde esa

pintada na parede á historia tan dura que hai detrás, observas que tes a obriga de o contar, e para iso quixemos romper os códigos típicos do activismo e facer un documental máis dixerible para todo tipo de público.

Como tomaron os protagonistas de *Ciutat Morta* que dous rapaces quixesen facer un documental sobre a súa causa?

(Xavier)

Ao principio había un pouco de receo, xa que eles levaban seis anos coa súa loita e de súpeto aparecimos nós. Contámoslles o que queríamos facer e co tempo fóronse implicando máis e máis, mesmo nos cederon os poemas de Patricia para o documental. Ao final, todos convertémonos en familia. Tras facer o documental xa está todo máis difuso, nós somos parte da súa loita e eles son parte do proceso cinematográfico de *Ciutat Morta*.

(Xapo)

Cómpre ter en conta que para eles foi moi duro e doloroso, de aí a aversión á xente que se lles foi achegando polo impactante do caso, xente que quería axudar. Pero a súa desconfianza era normal. Tamén debe terse en conta que o noso proxecto, nos seus inicios, xurdiu coma unha reportaxe de vinte minutos para darlle visibilidade á causa, e despois foise ampliando até unha longametraxe de dúas horas, moito máis cinematográfico. Ao principio, eles querían responder ás preguntas e non remover máis a dor, non entendían moi bien que faciamos traballando máis dun ano e medio en *Ciutat Morta*, pero ao ver o que estábamos a facer co documental implicáronse máis.

Utilizadas como pretexto *Ciutat Morta* para deixar latente a inexistencia da Xustiza neste país: queda claro que todos somos moi vulnerables, e máis coa situación actual. Cal é a vosa opinión ao respecto?

(Xapo)

O documental abre co sentimento de vinganza de Rodrigo. Por outra parte, Patricia está morta e o resto de acusados sufriron torturas e condenas de prisión. Cando a Rodrigo lle preguntan polo verdadeiro culpable, a persoa que lle lanzou o testo ao policía, exemplifica o seu sentimento cara á Xustiza respondendo que tanto lle ten, que el xa pagou por iso e non quere que ninguén máis o faga. A Xustiza queda baixo sospeita, está claro. (Xavier)

Tamén pódese buscar unha xustiza a outros niveis. Iso é o que pretendemos co documental: facer unha xustiza histórica, buscar tamén certa vinganza a través de pórllles nome e apelido a quen nós consideramos que son algúns dos culpables desta montaxe. A nivel institucional sabemos que a Xustiza non existe neste país: agora máis ca nunca os casos de corrupción están a evidenciarlo. De aí que voluntariamente non nos centráramos exclusivamente no caso do 4F, senón que tamén lanzáramos a mensaxe de que isto ocorre en todos os ámbitos, e nunha cidade coma Barcelona, que está chea de estruturas caciquistas, de aí o nome do documental. Unha cidade que vende unha cousa e por detrás amosa outra completamente distinta.

Pensades que de non aparecer por erro Yuri, o fillo do diplomático, o caso tería tomado outro cariz totalmente distinto?

Entrevista a Xavier Artigas e Xapo Ortega

José Cabello

(Xapo)

Queríamos vir dicir que isto pasa a cotío en calquera cidade e así relacionar os casos de tortura dos protagonistas, personas integradas no conxunto da sociedade. Até que chegou o caso de Yuri, fillo dun diplomático de Trinidad y Tobago: aquel feito destapou a verdade. Normalmente as torturas van dirixidas cara a grupos máis febles, coma prostitutas ou inmigrantes que carecen de resposta, pero neste caso, con Yuri, equívocáronse.

(Xavier)

A tese é que casos coma o 4F ocorren no noso país, e que até que non hai unha evidencia tan clara, téntanse silenciar. A frase resumo sería: cantos negros hai que torturar até dar co fillo dun diplomático e que todo saia á luz?

Numerosos vídeos, testemuños ou noticias evidencian o violento destes corpos policiais na cidade de Barcelona. Cal é o motivo, segundo vós, de que a Garda Urbana exerza tanta violencia?

(Xapo)

A Garda Urbana é un corpo policial que vén do franquismo, as súas estruturas están moi corrompidas e non tiveron renovación nin limpeza ningunha. Ademais teñen relación con sindicatos de extrema dereita que gozan duns privilexios bastante curiosos.

(Xavier)

Ademais, outro problema engadido é que se ofrecen unhas condicións laborais moi atractivas, a nivel de salario. Estas condicións chaman a un sector da poboación determinado que carga cun odio social dentro e exprésao con este maltrato a xente máis vulnerable.

En relación á tortura, tema que tamén se formula en *Ciutat Morta*, parece que necesitamos filmes coma *A noite máis escura* ou *The Act of Killing* para pensar sobre esta cuestión, cando realmente aquí tamén ocorre. Non sei se proxectastes o filme en Barcelona ou en Cataluña en xeral, como recibe a xente que se critique tan directamente unha institución coma a Policía?

(Xavier)

Proxectamos bastante *Ciutat Morta* en Cataluña pero sempre en ámbitos afíns, e por iso estar nun Festival coma o de Málaga é unha oportunidade para que xente que non ten nada a ver co activismo saiba desta realidade. De aí la decisión final de facermos un produto máis cinematográfico para que non sexa estigmatizada como unha película de movemento social ou corte 15M.

Aínda que máis grave que tortura e sobre o que tamén queríamos falar, era a impunidad dentro dun país considerado como civilizado que debería ter mecanismos para apartar as mazás podres de dentro das institucións. En España lánzase a

mensaxe de que non pasa nada, non haberá condena, ese acto minimizarase ou indultarase.

(Xapo)

Queremos romper barreiras. Cando dis que a Policía deste país tortura, estás atacando aos cimentos das crenzas sociais, xa que sempre se nos inculcou manter a visión dunha institución que debería defender os dereitos dos cidadáns. Por iso, o primeiro que pode provocar o documental é rexeitamento. Antes do vídeo que se colgou en Youtube a principios de 2009, onde se vían nove axentes a mudaren de roupa nun aparcamento de Barcelona, a xente negaba que houbera infiltrados nas manifestacións. Agora xa se cuestiona máis.

Tamén a idea do cine político en España, que está aumentando, prodúcese como consecuencia da crise e invértese as miradas. É dicir, xa non é unha mirada cara fóra, a Occidente, senón unha ollada cara dentro, para cuestionarmos que está a pasar aquí.

Coa cantidade de casos e información dos que podedes dispor para confeccionardes o discurso de *Ciutat Morta*, onde poñedes o límite?

(Xavier)

Ciutat Morta é un caso paradigmático da cidade de Barcelona, xa que trata varios asuntos moi importantes como a tortura, os prexuízos sociais, o estigma... Pero outro tema moi necesario para nós era a xentrificación, como a cidade virou nun escaparate, un parque de atraccións para turistas. Era a escusa perfecta para falar do modelo de cidade. Como tamén fixen no primeiro documental que rodei, *NO-RES, vida e morte dun espazo en tres actos* (2011), retratando os últimos días da única colonia fabril que perduraba en Barcelona, derruída no mesmo ano do documental. De aí que nos interesase o cool de Barcelona, o estilo de vida mediterráneo, e toda esta fachada que en realidade non é así. Barcelona, como outras cidades, ten moitísima precariedade, a cidade vive do que foi, non do que é. Era difícil renunciar a temas, pero o caso do 4F podería agrupar moitos aspectos dos que nos interesaban.

Tras o Festival de Málaga, cal é o seguinte paso para *Ciutat Morta*?

(Xapo)

Pois aínda non sabemos, pero van saíndo sorpresas, coma esta do Festival de Málaga, que che dan máis visibilidade nos medios, porque de outra maneira sería inconcibible. O pequeno financiamento que tivemos foi a través dun *crowdfunding* onde a xente respondeu moi ben, e de aí que teñamos en mente retornar o filme á sociedade que o axudara na súa creación.

(Xavier)

Iso que menciona Xapo é moi importante para nós: queremos retornala. *Ciutat Morta* é un filme con licenzas libres; cando remate a súa vida de festivais e demais, estará dispoñible para descargar gratuitamente na web e así dar a coñecer este caso.

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores na
Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21.
Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

7 DE XANEIRO

A memoria curta
(*La mémoire courte*,
Eduardo de Gregorio, Francia,
1979, 105', VOSG)

14 DE XANEIRO

A hipótese do cadro roubado
(*L'Hypothèse du tableau volé*,
Raoul Ruiz, Francia,
1979, 66', VOSG)

21 DE XANEIRO

O crime do bailarete
(*El crimen de la pirindola*,
Adolfo Arrieta, Estado español,
1965, 18', VO)

A imitación do anxo
(*La imitación del Ángel*,
Adolfo Arrieta,
Estado español,
1966, 21', VO)

O xogueto criminal
(*Le Jouet Criminel*, Adolfo
Arrieta, Francia,
1969, 37', VOSG)

28 DE XANEIRO

Cidade morta
(*Ciutat morta*, Xavier Artigas /
Xapo Ortega,
Cataluña, 2014, 120', VO)
**Coa presenza de
Xavier Artigas**